



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedera.com



Na casa do Concello de Vedra a 19 de febreiro do ano 2019.

COMPARECEN

Carlos Martínez Carrillo en calidade de Alcalde do Concello de Vedra e Xavier Rodríguez Prieto, con DNI núm.34265273B e domicilio no núm. 48, do lugar de Laraño, da parroquia de San Xián de Sales (Vedra), en calidade de presidente da ANPA DO CPI DE VEDRA A BOCA, con CIF G15201684

EXPOÑEN

Que a citada Asociación leva dende a súa constitución velando polos intereses dos pais e nais de alumnos do CPI de Vedra para, entre outras moitas actividades, ofertar unha ampla gama de actividades para poder conciliar a vida familiar e laboral.

Para a dita conciliación dende hai varias décadas ofértanse actividades lúdicas e educativas extraescolares de diversas materias.

Para acadar unha mellor xestión dos recursos públicos, ambas entidades decidiron elaborar as súas programacións de maneira coordinada.

Na dita elaboración da programación para este curso 2018/19, acordouse entre o departamento de cultura e os representantes da ANPA do CPI de Vedra A BOCA, que sería mellor para a xestión que a dita ANPA coordinara a actividade extraescolar de INGLÉS, para os diferentes grupos de idade, que se viñan desenvolvendo nas propias instalacións do CPI.

En calquera caso a sostenibilidade económica das actividades promovidas dende esta Asociación é complexa a pesares de facer os país e a propia ANPA unha aportación importante.

Por todo isto, as partes acordan asinar un convenio en base ás seguinte

ESTIPULACIÓN





CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



PRIMEIRA.- O Concello de Vedra colaborará coa ANPA do CPI de Vedra A Boca para a organización das actividades extraescolares de Lingua extranxeira de Inglés.

SEGUNDA.- A asociación comprométese a velar pola correcta xestión do curso, comunicación cos participantes e docentes, publicidade e transparencia da proposta, evolución e resultados.

TERCEIRA.- O Concello, dado o sobrecoste que a dita xestión suspón para a ANPA do CPI de Vedra A BOCA, achegará a cantidade de trescentos euros (#300€#) anuais para gastos de xestoría derivados da elaboración de contratos, seguros sociais e nóminas. O pagamento farase efectivo no número de conta da Asociación.

CUARTA.- a ANPA do CPI de Vedra A BOCA, achegará anualmente un proxecto que incluirá unha memoria das actividades desenvolvidas e unha memoria económica do custo do proxecto.

QUINTA.-O presente convenio de colaboración poderá resolverse por.

- polo transcurso do prazo sin acordo de prórroga
- por acordo unánime das partes
- por incumprimento das obrigas por parte de algún dos asinantes, previo requerimento
- por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- polas previstas no convenio ou nunha lei.

SEXTA.- O incumprimento de calquera das partes dará lugar á correspondente indemnización en cuantía non superior ao coste do dano producido.

SÉTIMA.- A modificación do presente convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes e extinguiráse polo cumprimento do prazo establecido.

OITAVA.- O presente convenio terá unha duración de un ano dende o inicio das clases (outubro) e poderá ser prorrogado, por acordo das partes, sempre e cando non se denuncie cun prazo mínimo de tres meses anteriores á súa finalización.





CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




NOVENA.- Para a interpretación do convenio créase unha comisión integrada polo Alcalde, Concelleiro de Educación, Turismo, Comercio, Emprego e Formación e polo Secretario do concello de Vedra, e polo Presidente, Vicepresidente e secretario da ANPA do CPI de Vedra A BOCA, quenes intentarán achegar posturas e resolver as dúbidas que ofreza que ofreza o seu cumprimento de boa fe, podendo modificalo por razóns de interese público e acordando a súa resolución e os efectos desta, de ser o caso.

DÉCIMA.- Para todas as cuestión litixiosas que puideran derivarse do presente convenio, ámbalas dúas partes sométense ao foro exclusivo dos tribunais e xulgados do domicilio da administración, renunciando expresamente o adxudicatrio ao foro do seu xuiz e domicilio.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio no lugar e data arriba indicados.

O ALCALDE,

Carlos Martínez Carrillo



O PRESIDENTE ANPA do CPI de Vedra A BOCA

Xavier Rodríguez Prieto

